



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax. 986760130

Pza do Concello 1 - Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006 - Fax 986753201



FOGUEIRAS DE SAN XOAN 2021

D. Jorge Cubela Lopez, Alcalde-Presidente do Concello de Cerdedo-Cotobade, con motivo da celebración das fogueiras de San Xoán o día 23 de Xuño, INFORMA:

CONSIDERACIONS XERAIS:

- A fogueira deberá comunicarse ao Concello a través do Rexistro Xeral do Concello ou da Sede Electrónica cunha instancia xeral, de luns a venres en horario de 09:00 a 14:00h ata o día 22 de Xuño. A comunicación conleva unha taxa de 5 euros.
- Deberase facilitar os seguintes datos:
 - Nome e apelidos da persoa/as responsable/s da fogueira.
 - DNI
 - Teléfono móbil, que deberá estar dispoñible en todo momento durante a celebración da fogueira.
 - Referencia catastral da parcela ou coordenadas exactas da localización da fogueira.
 - Obriga de coñecer os teléfonos de emerxencias: 012 (Emerxencias) 085 (lumes forestais) e 661.64.14.79 (Protección Civil do Concello).
- No momento da comunicación no Concello, serán facilitadas as medidas preventivas ambientais de obrigado cumprimento.
- Unicamente poderán levarse a cabo aquelas fogueiras que fosen previamente comunicadas ao Concello e que se atopen en terreos particulares localizados en solo urbano ou en solo de núcleo rural. Deste xeito, está PROHIBIDO realizar lume en solo rústico de calquera uso e en zonas próximas a terreos con masas forestais susceptibles de provocar un incendio. Neste senso, non se poderá prender lume preto de masas forestais ou matogueiras (manter sempre unha distancia mínima de 50 metros).
- NON ESTÁN PERMITIDAS as fogueiras veciñais ou comunitarias en espazos públicos ou en terreos privados ou comunais, susceptibles de seren utilizados por una colectividade indeterminada de persoas, xa que non se podería garantir a seguridade e cumprimento das normas de distancia interpersonal e aforamentos máximos. Está prohibido o uso das áreas recreativas para a celebración de fogueiras ou barbacoas.
- Serán de obrigado cumprimento as normas sanitarias de distanciamento interpersonal, uso de mascarillas, aforamentos máximos, medidas e hixiene e as de control pola persoa organizadora para evitar aglomeracións así como calquera outra norma que poidan ditar as autoridades competentes e que estean en vigor no momento da celebración da fogueira.

Esta Alcaldía fai un chamamento á cidadanía para que extreme as precaucións e cumpra as medidas tanto ambientais como sanitarias, para garantir a protección e seguranza no municipio, en conciliación co lecer da cidadanía.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

O Alcalde

